

COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL, TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xaneiro de 2025**

Ás 16.33 horas do día 21 de xaneiro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Emilio Luis Díaz Vidal

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Plácido Álvarez Dobaño, que é substituído por don Rosendo Luís Fernández Fernández.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de decembro de 2024.

Non se producen intervencións e, por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 12 de decembro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta pola noticia da que tivo coñecemento onte pola prensa, e na que se sinala que a Deputación cooperará con IBERDROLA en actividades culturais e deportivas na nosa provincia.

A **Presidencia** contesta que se trata dunha reunión mantida co representante da multinacional en Galicia, no que se acordou que esta empresa colabore coa Deputación en diversas actividades e eventos a desenvolver na provincia. Esta reunión obedece ao mandato do acordo adoptado polo pleno, unha vez que non existe dúbida de que xudicialmente o asunto xa non ten percorrido e é firme en todas as instancias, polo que pola vía da responsabilidade social corporativa, se pediu a esta empresa a citada colaboración.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, matiza que entón o titular non é correcto, xa que será IBERDROLA a que coopere coa Deputación e non ao revés.

A **Presidencia** contesta que así é, e que en canto se teñan decididas as actividades concretas se informará oportunamente.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta o estado no que se atopan as negociacións cos representantes dos traballadores do CHUO no relativo as tarifas do aparcamento de titularidade provincial.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, informa que se mantiveran dúas xuntanzas cos representantes dos traballadores do CHUO e tres coa empresa concesionaria. O problema de raíz é que estaban desfrutando dunha tarifa inferior á aprobada polo pleno da Deputación, concretamente de 35 €/mes, e a tarifa agora aprobada de 25 €/mes, é superior a esta, aínda que inferior á que estaba aprobada polo pleno da Deputación. As negociacións continúan e agárdase que se produza un achegamento entre as dúas partes, no que ambas terán que ceder.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, formula dous rogos. En primeiro lugar que as notificacións que se cursen desde a Deputación conteñan referencia ao asunto para notificar, e en segundo lugar, que se revisen as tarifas da ordenanza fiscal do BOP, poñendo como exemplo que o seu concello ven de publicar unha ordenanza pola que tivo que aboar unha tarifa superior aos 1.000 €.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta polo estado de tramitación da provisión do posto de director/a da Área de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, informa que se publicaron as bases no BOP e que a principios de xaneiro se lle remitiron ao BOE para a súa convocatoria, xunto coa Dirección da Área de Transparencia e Goberno Aberto, tamén vacante.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta polo estado das negociacións do convenio colectivo do persoal do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento.

A **Presidencia** informa que continúan as negociacións, entre a Xunta e as catro deputacións e os representantes dos traballadores dos consorcios.

E, ás 16.46 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.